




**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
 AYT/PLE/17/2019	 GOB13I0HE
721Y5V2Q2D2C465C0HAA	
	

## ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª JUAN PABLO MAURIZ ROMERO D/Dª JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª GERMAN CASTRILLON PERMUY D/Dª M.DEL MAR BLANCO ROCA D/Dª ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO D/Dª ESTRELLA CASTRILLON VIDAL D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª SANTIAGO GALEGO CASTRO D/Dª OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ D/Dª EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ</p> <p><b><u>NON ASISTEN:</u></b> D/Dª MARCOS LOPEZ BALADO D/Dª JAVIER MARIA PEREIRA BECEIRO</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 09:15 do quince de outubro de dous mil dezanove, baixo a presidencia da Sra. MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

### **1º.- SORTEO PARA A COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS NAS PRÓXIMAS ELECCIÓNS XERAIS DO VINDEIRO 10 DE NOVEMBRO DE 2019.**

Unha vez visto o *Real Decreto 551/2019, de 24 de setembro, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria das eleccións* que terán lugar o **10 de novembro de 2019** (BOE núm.: 230, de 24 de setembro de 2019), debe o Pleno da corporación proceder ao sorteo dos membros das mesas electorais, que deberá levarse a cabo dentro dos prazos regulamentariamente establecidos, estimándose absolutamente necesaria a fixación duns criterios que determinen de xeito automático os electores que constituirán as mencionadas mesas, que esta Alcaldía considera que deben de ser aprobados pola Corporación antes da celebración no Pleno do sorteo.

Na súa virtude, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. aprobar as seguintes normas para a designación dos compoñentes das mesas electorais.

### **SORTEO POR DISTRITO, SECCIÓN E MESA**

Farase un único sorteo informático, o **día 15 de outubro de 2019**.

A aplicación dos parámetros legais corresponden aos predeterminados xa na Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, onde se detallan as condicións necesarias para ser presidente ou vocal da mesma.

Así mesmo, o censo electoral, extraerase automaticamente, da consulta informática proporcionada polo INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA en ficheiro de intercambio.

Unha vez cargado o Censo Electoral utilizarase o módulo de xestión electoral dispoñible no Programa Accede, facilitado pola Diputación da Coruña para a xestión do padrón municipal.

### **CONDICIONS PARA SER PRESIDENTE DE MESA OU SUPLENTE DO MESMO**

1. Ser menor de 70 anos
2. Posuír como mínimo, o título de bacharelato superior ou de formación profesional de 2º grao, ou subsidiariamente de graduado escolar ou equivalente.

### **CONDICIONS PARA SER VOCAL DE MESA OU SUPLENTE DO MESMO**

1. Ser menor de 70 anos.
2. Saber ler e escribir.

(.....)

**NA ACTA ORIXINAL RECÓLLESE O RESULTADO DO SORTEO**

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 10:00 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.